

## *A indiferenza do branco*

Hai artistas que crean por substracción e outros por acumulación. Uns parten dunha idea ou dun material en bruto e van quitando pacientemente todo o superfluo, todo o que sobra, para chegar ao núcleo. Como sabía o escultor que dentro do mármore había un cabalo?

Outros creadores, pola contra, traballan sobre un soporte ou unha estrutura á que van sumando, que van enriquecendo con achegas para construír materia nova.

Sebas Anxo é destes segundos.

Sobre unha superficie inicial vai engadindo pintura, pegadas, trazos, capas e memoria até cubrir todo o soporte. De aí a indiferenza cara ao branco, da que fala o título da exposición. Practicamente toda a obra que coñezo del emerge a partir da idea de suma, de engadir estratos sobre os fondos previamente manchados.

Aínda que o seu proceso é analóxico, ás veces lémbreme o traballo por capas recortadas realizado cos programas dixitais de imaxe.

A técnica da colaxe non é nova, pero, como dixo nunha ocasión David Lynch: as cousas non se fan para ser o primeiro, senón porque amas facelas, porque te namoras do proxecto.

A colaxe explorouse practicamente desde a invención do papel na China malia non se considerar como unha técnica artística até o principio do século XX.

Utilizárona cubistas como Picasso ou Braque. Dadaístas, como Raoul Hausmann, cos seus acedos retratos utilizando fotografías, revistas ou debuxos para construír os seus personaxes. É unha das técnicas troncais, para reflectir unha sociedade convulsa e fragmentada.

Como en calquera outra técnica, falamos só de ferramentas. Depende de cada artista o que con elas exprese ou até o lonxe que as leve na exploración do camiño.

Vénme á cabeza o movemento cartelista polaco dos 70's, ao que admiro desde sempre por levar ao territorio da arte o que era só imaxe de consumo.

Quizais só sexa un aroma, a luz, o ambiente ou o tratamento que dá aos seus retratos, nos que se incorporan tipografías o que me suxire esa relación.

Segundo Mikolaj Bielski *"dentro da tradición cartelista polaca poden diferenciarse dúas correntes fundamentais: unha corrente intelectual e unha corrente emocional. A primeira, a través dun traballo de síntese e do uso da metáfora, pretende suscitar no receptor un pensamento autónomo; a segunda, en cambio, cun carácter predominantemente pictórico e emotivo, remítese á tradición artística e cultural"*.

Creo que, nos traballos que aquí podemos ver, se xuntan todas esas características: o traballo intelectual, o emocional e o sólido coñecemento da tradición.

Desde o balance entre xestualidade e reflexión xérase o territorio plástico de Sebas Anxo.

Hai nas súas obras, un interesante proceso de transmutación, de reutilización ou reciclaxe duns cadros noutros. Debuxos que son recortados para integrarse como capas sobre outros, nunha combinatoria termodinámica na que ningunha enerxía se perde.

Sumar, reorganizar. Reencarnación dunhas obras noutras.

Creo que o expresionismo ou o dadaísmo, no máis amplo sentido, debería ter maior presenza na arte actual. Vivimos momentos moi convulsos, até violentos. O máis lóxico sería ver a arte contaminada de paixón, de radicalismo e dunha implicación máis corporal ou física sobre o soporte. Non falo de volver a vellas linguaxes, senón de crear novas vías nas que a pulsión sexa máis protagonista.

Os cadros de Sebas Anxo, están cheos de enriquecedoras polaridades. Comentarei algunhas e deixarei que descubran por si mesmos outras moitas máis.

Deteñámonos por un momento nos ornamentos que habitan as súas pinturas. Son ou ben *esténciles* transferidos con spray, ou ben o modelo utilizado para facelos pegado directamente ao soporte, flotando sobre a tempestade de fondo.

Fíxome nesa utilización do ornamental, porque non é a primeira vez que o artista a utiliza.

Lembro a súa estupenda serie de *frottages* de tapas de sumidoiros de Nova York, nas que os motivos decorativos do ferro emerxían sobre o papel ao frotalos enerxicamente cos grafitos. Da horizontalidade da superficie urbana á verticalidade do lenzo.

Nesta serie, máis que dun mundo urbano e exterior, fálasenos de espazos interiores e de personaxes.

Os cadros teñen un compoñente, próximo, familiar. Nuns pola utilización de formas curvas, noutros polas texturas dos propios materiais. Texturas sutís e cálidas como as da pel humana.

As ornamentacións remítennos aos debuxos das lousas cerámicas modernistas, ou aos azulexos que recobren as casas burguesas dos indianos en Galicia e en Portugal.

Dan a impresión que podería formar parte do chan gastado da casa das nosas avoas ou dalgún detalle decorativo dun moble.

Pero semiculta tras unha primeira impresión de familiaridade, hai unha reflexión crítica sobre a función decorativa da arte. Esas formas recargadas e aburguesadas, son utilizadas como un mecanismo de ruptura.

Ás veces é até un elemento máis enerxético que as propias brochadas nas que se insire. É un motivo decorativo, pero está realizado coma se fose un graffiti. O que ten como referencia primeira a elementos inocuamente decorativos, pasa a integrarse no cadro como un elemento perturbador case punk.

Os bordos dos cartóns pegados, cortados coa forza dos abismos, marcan fronteiras, entre cores e formas, pero tamén entre xeometrías e xestos apaixonados. A tempestade e a orde.

Abstracción figurativa, figuración abstracta ou figuración emocional, como prefiran, é outro dos campos en continuo balance que apreciamos nas obras da exposición.

Preséntasenos un campo de imaxe e concédesenos o poder (ou a liberdade) de crear significados a partir del. O artista propón formas que o cerebro de cada quen completa en diálogo co cadro. Porque non é unha cabeza o que teñen aí diante: son uns anacos de papel recortado e unhas brochadas de cor. É a nosa experiencia, a nosa memoria visual, ou, se quixermos, a nosa cultura plástica, mesturada coa mestría do pintor, a que fai que vexamos nitidamente un tipo con chapeu de época, unha señora cun estraño peiteado ou un orgulloso bérber.

Outro xogo de opostos: o plano e o tridimensional. Unha sutil sensación que se produce cando o encolado é intencionadamente escaso para que o papel se levante, coma se estivese a piques de botarse a voar.

O plano de acción pasa das dúas dimensións á tridimensionalidade, avanzando sutilmente cara ao espectador

Todas esas diferentes proposicións, poderían facilmente quedar descontroladas nun espazo de xestos inconexos, pero non é así. Todas elas están sustentadas por unha sólida estrutura.

Estamos ante unha obra na que a composición é fundamental. Iso é especialmente visible nas Casas, onde esa xeometría poeticamente imperfecta é máis clara. Pero realmente a composición é transversal en cada peza, imprégnao todo, ordenando o espazo e servindo de armazón ao cadro.

Especialmente sorprendente; pola novidade que representa na súa liña habitual de traballo; é unha peza coral, incorporada a última hora á exposición. Está formada por unha serie de madeiras que presenta a modo de instalación. As cores utilizadas son as mesmas que nas outras pezas. Por iso poderían interpretarse como un mostrario, como notas dunha melodía ou como unha paleta de experimentación de formas.

Pero intúo que son moito máis. Hai un cambio cualitativo na formulación. Unha saída cara á simplificación da linguaxe pictórica e o respecto ao soporte e a súa presenza no espazo.

O feito de mostrarnos esas novas pezas, case de laboratorio creativo, dános idea da xenerosidade do artista e da súa capacidade para asumir novos riscos. Estamos ante unha exposición na que Sebas Anxo se mostra como un profundo coñecedor da historia da arte e as vangardas. Pero ese coñecemento, lonxe de ser un lastre, é unha mirada polo retrovisor. Sendo consciente da historia, avanza nunha dirección que lle é propia.